



ACTA Nº 2021/12

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 24 de setembro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
AUSENTE
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO (XUSTIFICA AUSENCIA)
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión celebrada o 27 de agosto de 2021.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS PÚBLICOS.

2. Proposta da alcaldía relativa á Desestimación da solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo. EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000120.



Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 20 de setembro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á Desestimación da solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo . EXPEDIENTE Nº : 2019/X999/000120 .

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: Desestimación da solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo.

EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000120.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo, na que SOLICITA:

“(…)que se admita el presente escrito y que por parte del Concello de Cee se dicte resolución en la que se reconozca las pretensiones reclamadas en cuanto al coste del tratamiento de los residuos voluminosos, se proceda al pago de la facturas presentadas y rechazadas el 10 de diciembre de 2020 más los intereses de demora derivados del retraso en el abono de las facturas y subsidiariamente se indique por parte del concedente en que gestor autorizado se deben entregar los residuos voluminosos.”(…)

Considerando o INFORME CONXUNTO emitido pola Secretaria Municipal e a Interventora Municipal en data 9 de setembro de 2021, que literalmente se transcribe:

“ Informe Conxunto de Secretaría e Intervención.

Asunto: Solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo.

Natureza do informe: [] Borrador [] Provisional [x] Definitivo

Documento asinado por: A Secretaria e a Interventora.

EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000120.

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emítense o seguinte **INFORME CONXUNTO**:

A) EN RELACIÓN A CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU DO CONCELLO DE CEE.

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA:

1. Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas da concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos do Concello de Cee.
2. Contrato administrativo de data 21 de outubro de 2004 entre o Concello de Cee e Celta Prix SL.
3. Proxecto de Explotación presentado no seu día polo Concesionario e vinculante.
3. Acordo plenario de data 15 de decembro de 2014 relativo á cesión do contrato a Servicios dos Concellos Galegos SL.



4. Solicitud formulada por D. Guillermo Francisco Alonso Junquera.
5. Acordo Plenario de continuidade na prestación do servizo.
5. Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, de data 28 de xaneiro de 2020

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Regulamento xeral lei de contratos.
- Reglamenteo de Servizos das Corporacións Locais.

Producida a entrada en vigor da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, a súa Disposición transitoria primeira establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, rexeranse en canto á súa extinción, entre outros aspectos, pola normativa anterior. Agora ben, para a determinación da lei aplicable a este procedemento, debemos remitirnos ao momento de incoación do procedemento, data na que estaba vixente o TRLCAP (Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas).

PRIMEIRO.-O concesionario presenta con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo, o seguinte escrito:

"(...) 4.- Que, con fecha de 30 de outubro de 2009, en lo que se refiere a la recogida de enseres y residuos voluminosos a domicilio, se procedió a la modificación del contrato, incluyéndose tanto la disgregación de los residuos según sus características físicas como la separación manual de los residuos recogidos en los contenedores y los costes de ambos conceptos.

*En dicha modificación **no se incluyeron los costes derivados del tratamiento de los residuos voluminosos en gestor autorizado**, es decir, los costes de gestión no fueron cuantificados en cuanto a la valorización de los residuos en la modificación del presupuesto y por consiguiente ni están incluidos dentro de las indicadas partidas ni en el objeto del contrato.*

*5.- Que en relación con lo anterior y en cumplimiento de lo establecido en el pliego de prescripciones técnicas del servicio de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos del Concello de Cee (Capítulo III apartado 3.1.) en el que se indica que se "establecerá un servicio diferenciado para la recogida y eliminación de residuos voluminosos (muebles y trastos), que por su naturaleza, dimensiones, volumen, peso y otras características que tengan que ser recogidos de una manera diferente, siempre que se disponga de lugar adecuado para su eliminación y tratamiento, o en su caso, en el Punto Limpio" y según lo dispuesto en el proyecto de explotación apartado 2.5. en el que se detalla que los residuos serán "transportados al centro de tratamiento o almacenaje que el concello indique a la empresa", el 9 de junio de 2020 se presentó escrito ante ese concello (número registro de entrada 202099900000391) en el que se solicitaba **indicaciones por parte del concedente del servicio para saber donde se quería que se entregasen los residuos voluminosos derivados de la prestación del servicio ya que***



actualmente estos residuos están siendo entregados en el gestor Miramontes García, Fidel con nº de inscripción SC-I-NPXV-00053, situada en Vía Pública LG Montecelo OCA- Crta. Coruña-Fisterra km. 34,7 15147 Coristanco, lo que está generando un sobrecoste a la entidad que represento.

Dicho escrito **no obtuvo respuesta** por parte del Concello de Cee.

6.- Que, en consonancia con lo anterior, el 10 de diciembre de 2020 se registraron las facturas correspondientes al coste del tratamiento de los residuos con código LER 200307 y código LER 200138 del Concello de Cee del período comprendido entre el 28 de mayo de 2020 y el 13 de noviembre de 2020 por un importe total de doce mil ciento dieciocho euros con diecinueve céntimos (12.118,19 €). Dichas facturas fueron rechazadas el mismo 10 de diciembre amparándose el rechazo en la sentencia del juzgado de lo contencioso administrativo nº1 de A Coruña, de fecha 28 de enero de 2020.

Dicha sentencia establece que "el traslado de los residuos ya estaba recogido y valorado en el contrato. No se acredita el sobrecoste no previsto en la modificación del contrato".

Es evidente, tal como se ha indicado anteriormente, que al no indicarse por parte del Concello de Cee el gestor autorizado para hacerse cargo de los residuos voluminosos al que se han de llevar, la entidad que represento se está haciendo cargo de los mismos generándose un sobrecoste en la prestación del servicio que no estaba previsto en la modificación del contrato acontecido en 2009.

Dicho **sobrecoste está debidamente acreditado** a través de las facturas emitidas junto a los correspondientes albaranes de entrega en los gestores autorizados.

En aras de la buena fe en el cumplimiento del servicio y ponderando los posibles perjuicios que pudiera ocasionar la interrupción del mismo, mi representada viene prestando el servicio pese al sobrecoste que le está causando, pero de no solucionarse este particular, la concesionaria no tendrá más remedio que dejar de prestar este servicio.

7.- Que por medio de escrito/requerimiento de 8 de febrero de 2021 fueron contestados los escritos de 23 de diciembre y 25 de enero de 2021, determinándose y reiterándose en los argumentos al amparo de la sentencia del Juzgado de lo contencioso administrativo nº1 de A Coruña de fecha 28 de enero de 2020

8.- Que mi representada contestó a dicho requerimiento el día 8 de marzo de 2021 reiterando los argumentos ya esgrimidos de que el Fundamento Jurídico segundo de la referida Sentencia del Contencioso nº1 no tendría cabida en el reclamado por mi representada. Y no tendría cabida puesto que en dicho fundamento jurídico 2º no habla de la valorización de los residuos, por el contrario sí alude a la modificación contractual del año 2009 realizada en relación a la recogida de enseres y residuos voluminosos a domicilio ya que derivado de la recogida hay que realizar una separación por cada tipo de residuo, pero en la modificación del 2009 no se tuvieron en cuenta los conceptos derivados del tratamiento de los residuos voluminosos en gestor autorizado y por lo tanto no están incluidos dentro del objeto del contrato.

9.- Que el Concello de Cee contestó al escrito de 8 de marzo presentado por Servicios dos Concellos Galegos, S.L.U reiterando los argumentos ya manifestados en anteriores contestaciones sin aclarar si se estimaban o no las pretensiones reclamadas por mi empresa.



Exp. 2021/G010/000012

10.- Que el 21 de abril presentamos escrito en el que solicitábamos que se aclarase si el escrito de contestación remitido por el Ayuntamiento de Cee y firmado por su Alcaldesa-Presidenta tenía el carácter de una resolución que pone fin a la vía administrativa a los efectos de poder defender nuestros intereses tanto potestativamente en sede administrativa como en sede judicial.

Como parece que viene siendo práctica habitual por esa administración en este asunto, el escrito nunca fue contestado, ocasionando un perjuicio a la mercantil que represento.

Por todo lo tanto y en base a lo anteriormente expuesto,

SOLICITO que se admita el presente escrito y que por parte del Concello de Cee se dicte resolución en la que se reconozca las pretensiones reclamadas en cuanto al coste del tratamiento de los residuos voluminosos, se proceda al pago de la facturas presentadas y rechazadas el 10 de diciembre de 2020 más los intereses de demora derivados del retraso en el abono de las facturas y subsidiariamente se indique por parte del concedente en que gestor autorizado se deben entregar los residuos voluminosos."

SEGUNDO.- En relación a esta solicitud, esta Administración xa se ten pronunciado respecto a mesma no seguinte sento:

"(...) Esta Administración reitera o argumento esgrimido co gallo do rexeitamento manifestado no seu día, a saber, amparo na Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, de data 28 de xaneiro de 2020. Resulta patente a interpretación sesgada e partidista e en todo caso errónea que fai o concesionario da citada sentenza, cuxa mesma pretensión xa foi rexeitada no seu día por acordo plenario de data 28 de setembro de 2018 e ratificado polo Xulgado ao ser desestimado o recurso contencioso administrativo interposto polo interesado, que solicitaba se declare o dereito do demandante ao cobro e correlativa obriga de pago da administración, **das cantidades correspondentes a costes de xestión de residuos voluminosos e traslado a xestor autorizado**, mais os intereses de demora derivados do retraso no abono de facturas, constando como FALLO da Senteza a **desestimación de tal recurso interposto fronte a resolución plenaria de data 20.09.2018 e en consecuencia de todas as súas pretensións.**

O concesionario no seu escrito, fai referencia ao Fundamento Xurídico Primeiro da sentenza, que se limita a describir os feitos e fundamentos alegados polas partes, estando, o que cita o concesionario, entre os que alegou el mesmo en tal recurso. Pretende que nunha Sentenza firme, existen lagoas nos conceptos, e, en consecuencia, esta Administración, proceda o pago por un concepto -como é o coste de tratamento-que segundo o interesado non está incluído o contrato nin na Sentenza, cando como se constatará cos fundamentos da mesma, non apareceron circunstancias novas, sobrevidas que sexan imputables o concello que xeren un suposto desequilibrio que reclama. De ser legalmente posible o que solicita o recorrente, daríase a paradoxa, de que dentro da xestión de residuos, aparezan múltiples conceptos que non estarían encadrados nun contrato asinado no ano 2004, que aparecen de maneira súpeta 18 anos despois a instancia do contratista.

Resulta interesante traer a colación o argumento que tamén reproduce dita Sentenza efectuado polo Concello de Cee en tal recurso:

"(...) Por la Administración se alega que, como señala el escrito de Celta Prix SL del día 28/10/2009 ("Desde el 1 de septiembre de 2009 se procedió al cese de la recepción de residuos voluminosos por por parte de Sogama en la planta de transferencia de Cee"), fue una actuación de un tercero ajeno al contrato- SOGAMA- la que generó el incremento de los costes. El Ayuntamiento, y pese a que podría haber hecho caso omiso de esa circunstancia, optó por tramitar una modificación contractual que tuviera en cuenta esa nueva circunstancia. (...) que en el año 2009 se tramitó y aprobó una modificación del contrato que tenía como objetivo precisamente, evitar el desequilibrio que se



reclama, y que el acuerdo adoptado en dicho procedimiento no fue impugnado por la entonces concesionaria, CELTA PRIX SL. Que en los informe conjuntos de la Secretaria y la Interventora ...concluyen que no procede la adopción de una nueva modificación contractual ya que el concepto que se alega por la actora ya estaba incluido en la modificación del año 2009. (...) Finalmente señala que las circunstancias que motivan la presentación de la nueva solicitud de modificación son las mismas que motivaron la modificación del año 2009, sin que hayan aparecido circunstancias nuevas, sobrevenidas, que sean imputables al Ayuntamiento que generen el supuesto desequilibrio que se reclama. (...)"

A maior abundamento, destacar e reproducir, o indicado na Sentenza no seu Fundamento Xurídico Segundo, que deixa claro o que o concesionario discute e solicita novamente:

"En este caso se alega que la modificación de la prestación fruto de modificaciones de índole legal de obligado cumplimiento tanto para la Administración como para el contratista, generó y sigue generando una serie de sobrecostes no previstos en el contrato suscrito en su día ni en su posterior modificación. Que se hizo necesario implementar un servicio específico de recogida y tratamiento de residuos voluminosos que, hasta la fecha, eran remitidos directamente hasta el centro de transferencia de CEE- y de ahí directamente a Sogama- y que tuvieron que ser enviados desde entonces a gestores autorizados para su tratamiento. Sin embargo, estas circunstancias ya fueron tenidas en cuenta en la modificación contractual efectuada el 30 de octubre de 2009, que se fundamentó en el cese de la recepción de residuos voluminosos por parte de Sogama en la planta de transferencia de Cee alegado por la entidad Celta Prix SL y de acuerdo con las estimaciones efectuadas por la misma. No hay, por tanto, ni se acredita una modificación en el servicio posterior a la que se recoge en la citada modificación contractual. (...)"

Destacar que a propia Sentenza refírese a que a contratación administrativa caracterízase por levar inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato, ao estar expresamente proclamado pola Lei o principio de risco e ventura do contratista, un elemento de aleatoriedade que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato, non o libera de cumprir o estritamente pactado nin, conseguintemente, lle faculta para apartarse do vinculo contractual ou para reclamar a súa modificación.

En canto ao que o concesionario advirte que, de no solucionarse este particular, a concesionaria non terá máis remedio que deixar de prestar este servicio, esta Administración procederá conforme o PCAP e PPT que rexe a licitación, fundamentalmente as cláusulas referidas ao incumprimento contractual.

En canto a pretensión in fine do escrito, que literalmente di:

Asimismo, solicito que se proceda al pago de las facturas más los intereses de demora derivados del retraso en el abono de las facturas del servicio de recogida de papel cartón puerta a puerta en grandes generadores que no está incluido en el contrato de servicio de gestión de residuos sólidos urbanos."

Tratarase, conxuntamente coa comunicación efectuada a este Concello con NRE 202199900000232 de data 25.01, que sinala:

"(...) COMUNICAMOS que se suspende con efectos inmediatos la prestación del servicio de recogida de papel cartón puerta a puerta en grandes generadores que no está incluido en el contrato de servicio de gestión de residuos sólidos urbanos."

Consta informe emitido pola Tesoureira do Concello, que literalmente se transcribe:

"MARIA ANGELINA BLANCO RIAL, Tesoureira do Concello de CEE, na provincia de A Coruña.

INFORMA: *Que examinada a contabilidade municipal, desde Concello de CEE, resulta que a Empresa CELTA PRIX, S.L., e posteriormente SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U., dende o ano 2005 ata o ano 2019, NON PRESENTOU, factura algunha a este Concello polo concepto de "Recollida de Papel-cartón porta a porta".*



ASIMESMO INFORMA: *Que durante o ano 2020, a empresa SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U, presentou as seguintes facturas dos meses de Febreiro a Novembro, ambos dous inclusive, polo concepto de “Recollida de papel-cartón porta a porta”, que de seguido se citan:*

Fra. 1 6 polo importe de 1.804,09€ de Febreiro

Fra. 1 7 polo importe de 1.804,09€ de Marzo

Fra. 1 8 polo importe de 1.804,09€ de Abril

Fra. 1 9 polo importe de 1.804,09€ de Maio

Fra. 1 10 polo importe de 1.804,09€ de Xuño

Fra. 1 11 polo importe de 1.804,09€ de Xullo

Fra. 1 12 polo importe de 1.804,09€ de Agosto

Fra. 1 13 polo importe de 1.804,09€ de Setembro

Fra. 1 14 polo importe de 1.804,09€ de Outubro

Fra. 1 15 polo importe de 1.804,09€ de Novembro.

As facturas citadas, foron devoltas a Servicios dos Concellos Galegos, S.L.U., co motivo de rechazo de “Variación unilateral del precio por parte de la empresa.

E canto informo en CEE a un de febreiro do dous mil vinteun.

A TESOUREIRA

Asdo. Dixitalmente”

TERCEIRO.- No seu día xa se notificou ao concesionario, o seguinte:

“(…)Resulta sorprendente que dende o ano 2005 ata o ano 2019, a concesionaria non presenta factura algúnha polo concepto de “Recollida de Papel-cartón porta a porta”, isto é, durante toda a concesión-estando agora en prórroga-, a concesionaria, entendeu comprendido no contrato este concepto, sendo no ano 2020 cando cambia o criterio e considera que non forma parte do contrato, estamos ante unha interpretación unilateral do contrato asinado no seu día, competencia –interpretación-que corresponde exclusivamente, de ser motivada e cos requisitos legais da LCSP, a Administración. A maior abundamento, a Xurisprudencia aplica a doutrina dos actos propios contra o particular nos supostos en que non existe unha explicación razoable a súa conduta incongruente, entre outras, a aceptación polo contratista dun prego de contratación non pode alzarse en base para recoñecer unha finalidade ou un réxime distinto (STS 4 de mayo de 2005, rec. 1094/2003 (LA LEY 12512/2005)). Non en vano, a doutrina dos actos propios xoga nun dobre sentido, para o particular e para a Administración, como expresión de boa fe plasmada na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, ponse no seu coñecemento aos efectos oportunos:

PRIMEIRO.- A data de hoxe, infórmase que non consta nesta Administración, como di o concesionario, facturas pendentes correspondentes ao custo do tratamento dos residuos con código LER 200307 e código LER 200138 do período comprendido entre o 28 de maio de 2020 e o 13 de novembro de 2020 por un importe total de doce mil cento dezaioito euros con dezanove céntimos (12.118,19 €). De ser o caso, esta Administración reitera o argumento esgrimido co gallo do rexeitamento manifestado no seu día, a saber, amparo na Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, de data 28 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO.- Como consecuencia do anterior, e en canto ao que o concesionario advirte que, de no solucionarse este particular, a concesionaria non terá máis remedio que deixar de prestar este servicio, esta Administración procederá conforme o PCAP e PPT que rexe a licitación, fundamentalmente as cláusulas referidas ao incumprimento contractual.

TERCEIRO.- En canto ao pago de las facturas mais os intereses de demora derivados do retraso, segundo concesionario, no abono das facturas do servizo de recollida de papel cartón porta a porta, esta Administración reiterase no argumentado co gallo do rexeitamento das facturas, dado que o concesionario está interpretando unilateralmente o contrato despois do transcurso da concesión, agora



en prórroga, sendo prerrogativa exclusiva da Administración, e sendo aplicable a doutrina dos actos propios contra o particular nos supostos en que non existe unha explicación razoable a súa conduta incongruente, entre outras, a aceptación polo contratista dun prego de contratación non pode alzarse en base para recoñecer unha finalidade ou un réxime distinto.

CUARTO.-Requíreselle para que a partir da notificación da presente, proceda a prestación do servizo de recollida de papel cartón porta a porta, dado que dende o día 1 de febreiro de 2021, a concesionaria deixou de prestar o servizo, que como xa se deixou indicado, forma parte da concesión e Vde prestou dende o inicio da concesión.

Dita interrupción, dende a data indicada, obrigou a esta Administración a que sexa prestado por persoal laboral municipal, cos prexuízos que conleva. Para o caso de que non proceda a prestación de dito servizo a Administración procederá a adoptar as medidas conforme indica o PCAP e PPT que rexe a licitación.

CUARTO.- Este concello tamén comunicou ao reclamante:

“(…) En relación a esta solicitude, esta Administración reitera o escrito notificado a esa parte o 8 de febreiro de 2021, o argumento esgrimido co gallo do rexeitamento xa manifestado no seu día, a saber, amparado na Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, de data 28 de xaneiro de 2020. Segue a concesionaria a interpretar sesgada e partidistamente e en todo caso errónea que fai da citada sentenza, cuxa mesma pretensión xa foi rexeitada no seu día por acordo plenario de data 28 de setembro de 2018 e ratificado polo Xulgado ao ser desestimado o recurso contencioso administrativo interposto polo interesado, que solicitaba se declare o dereito do demandante ao cobro e correlativa obriga de pago da administración, **das cantidades correspondentes a costes de xestión de residuos voluminosos e traslado a xestor autorizado**, mais os intereses de demora derivados do retraso no abono de facturas, constando como FALLO da Senteza a **desestimación de tal recurso interposto fronte a resolución plenaria de data 20.09.2018 e en consecuencia de todas as súas pretensións.**

Neste caso, o concesionario, a diferenza dos outros escritos presentados e contestados, fai referencia, como fixo esta Administración no escrito remitido en febreiro do 2021, ao Fundamento Xurídico Segundo da sentenza, esta Administración reitera que o concesionario pretende que nunha Sentenza firme, existen lagoas nos conceptos, e, en consecuencia, esta Administración, proceda o pago por un concepto -como é o coste de tratamento-que segundo o interesado non está incluído no contrato nin na Sentenza, cando como se constatará cos fundamentos da mesma, non apareceron circunstancias novas, sobrevidas que sexan imputables o concello que xeren un suposto desequilibrio que reclama. De ser legalmente posible o que solicita o recorrente, daríase a paradoxa, de que dentro da xestión de residuos, aparezan múltiples conceptos que non estarían encadrados nun contrato asinado no ano 2004, que aparecen de maneira súpeta 18 anos despois a instancia do contratista.

Resulta interesante traer a colación o argumento que tamén reproduce dita Sentenza efectuado polo Concello de Cee en tal recurso:

“(…) Por la Administración se alega que, como señala el escrito de Celta Prix SL del día 28/10/2009 (“Desde el 1 de septiembre de 2009 se procedió al cese de la recepción de residuos voluminosos por por parte de Sogama en la planta de transferencia de Cee”), fue una actuación de un tercero ajeno al contrato- SOGAMA- la que generó el incremento de los costes. El Ayuntamiento, y pese a que podría haber hecho caso omiso de esa circunstancia, optó por tramitar una modificación contractual que tuviera en cuenta esa nueva circunstancia. (...) que en el año 2009 se tramitó y aprobó una modificación del contrato que tenía como objetivo precisamente, evitar el desequilibrio que se reclama, y que el acuerdo adoptado en dicho procedimiento no fue impugnado por la entonces concesionaria, CELTA PRIX SL. Que en los informe conjuntos de la Secretaria y la Interventora ...concluyen que no procede la adopción de una nueva modificación contractual ya que el concepto que se alega por la actora ya estaba incluído en la modificación del año 2009. (...) Finalmente señala que las circunstancias que motivan la presentación de la nueva solicitud de modificación son las mismas que motivaron la modificación del año 2009, sin que hayan aparecido



circunstancias nuevas, sobrevenidas, que sean imputables al Ayuntamiento que generen el supuesto desequilibrio que se reclama. (...)”.

A maior abastanza, destacar e reproducir, o indicado na Sentenza no seu Fundamento Xurídico Segundo, que deixa claro o que o concesionario discute e solicita novamente, baseándose precisamente neste fundamento:

“En este caso se alega que la modificación de la prestación fruto de modificaciones de índole legal de obligado cumplimiento tanto para la Administración como para el contratista, generó y sigue generando una serie de sobrecostes no previstos en el contrato suscrito en su día ni en su posterior modificación. Que se hizo necesario implementar un servicio específico de recogida y tratamiento de residuos voluminosos que, hasta la fecha, eran remitidos directamente hasta el centro de transferencia de CEE- y de ahí directamente a Sogama- y que tuvieron que ser enviados desde entonces a gestores autorizados para su tratamiento. Sin embargo, estas circunstancias ya fueron tenidas en cuenta en la modificación contractual efectuada el 30 de octubre de 2009, que se fundamentó en el cese de la recepción de residuos voluminosos por parte de Sogama en la planta de transferencia de Cee alegado por la entidad Celta Prix SL y de acuerdo con las estimaciones efectuadas por la misma. No hay, por tanto, ni se acredita una modificación en el servicio posterior a la que se recoge en la citada modificación contractual. (...)”

Destacar que a propia Sentenza refírese a que a contratación administrativa caracterízase por levar inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato, ao estar expresamente proclamado pola Lei o principio de risco e ventura do contratista, un elemento de aleatoriedade que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato, non o libera de cumprir o estritamente pactado nin, conseguintemente, lle faculta para apartarse do vínculo contractual ou para reclamar a súa modificación.

En canto ao que o concesionario advirte que, de no solucionarse este particular, a concesionaria non terá máis remedio que deixar de prestar este servicio, esta Administración reitera as consecuencias xa sinaladas no escrito notificado o 8 de febreiro de 2021.

Como xa se manifestou no seu día, do que esa parte é coñecedora, obra no expediente o informe emitido pola Tesourería do Concello e reiterado verbalmente pola funcionaria, conforme o cal, a empresa CELTA PRIX, S.L., e posteriormente SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U., dende o ano 2005 ata o ano 2019, NON PRESENTOU, factura algunha a este Concello polo concepto de “Recollida de Papel-cartón porta a porta”, e as presentadas no ano 2020, foron devoltas co motivo de rechazo de “Variación unilateral del precio por parte de la empresa.

En consecuencia, e reiterando o xa manifestado por esta administración en febreiro de 2021, resulta sorprendente que dende o ano 2005 ata o ano 2019, a concesionaria non presenta factura algúnha polo concepto de “Recollida de Papel-cartón porta a porta”, isto é, durante toda a concesión-estando agora en prórroga-, a concesionaria, entendeu comprendido no contrato este concepto, sendo no ano 2020 cando cambia o criterio e considera que non forma parte do contrato, estamos ante unha interpretación unilateral do contrato asinado no seu día, competencia –interpretación-que corresponde exclusivamente, de ser motivada e cos requisitos legais da LCSP, a Administración. A maior abundamento, a Xurisprudencia aplica a doutrina dos actos propios contra o particular nos supostos en que non existe unha explicación razoable a súa conduta incongruente, entre outras, a aceptación polo contratista dun prego de contratación non pode alzarse en base para recoñecer unha finalidade ou un réxime distinto (STS 4 de mayo de 2005, rec. 1094/2003 (LA LEY 12512/2005)). Non en vano, a doutrina dos actos propios xoga nun dobre sentido, para o particular e para a Administración, como expresión de boa fe plasmada na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, ponse no seu coñecemento aos efectos oportunos:



PRIMEIRO.- A data de hoxe, infórmase que non consta nesta Administración facturas pendentes correspondentes ao custo do tratamento dos residuos e de ser o caso, de existir nun futuro próximo, esta Administración reitera o argumento esgrimido co gallo do rexeitamento manifestado no seu día, a saber, amparo na Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 da Coruña, de data 28 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO.- En canto ao que o concesionario afirma que o servizo de recollida de papel cartón, recollida porta a porta, é un servizo non incluído no contrato, reiteramos o xa argumentado no seu día, co gallo do rexeitamento das facturas, dado que o concesionario está interpretando unilateralmente o contrato despois do transcurso da concesión, agora en prórroga, sendo prerrogativa exclusiva da Administración, e sendo aplicable a doutrina dos actos propios contra o particular nos supostos en que non existe unha explicación razoable a súa conduta incongruente, entre outras, a aceptación polo contratista dun prego de contratación non pode alzarse en base para recoñecer unha finalidade ou un réxime distinto.

TERCEIRO.- Reitérase que a interrupción unilateralmente acordada pola concesionaria, da prestación do servizo de recollida de papel cartón porta a porta, dende o día 1 de febreiro de 2021, obrigou a esta Administración a que sexa prestado por persoal laboral municipal, cos prexuízos que conleva, resulta sorprendente que a concesionaria prestase o servizo dende o ano 2004, e sexa agora, case dúas décadas despois que reclame un concepto ata o de agora incluído no contrato e que prestou sen reclamación algúnha o longo dese tempo, e como xa se deixou indicado na parte expositiva, de ser legalmente posible o que solicita o recorrente, daríase a paradoxa, de que dentro da xestión de residuos, aparezan múltiples conceptos que non estarían encadrados nun contrato asinado no ano 2004, que aparecen de maneira súpeta 18 anos despois a instancia do contratista. Todo sen prexuízo e tal como se indicou no escrito de febreiro de 2021, das facultades atribuídas a esta Administración de conformidade co PCAP e PPT.”

CONCLUSIÓN:

Á vista do exposto, se informa de **desconformidade** a solicitude do concesionario de recoñecemento das pretensións reclamadas dos custes de tratamento de residuos voluminosos á vista dos antecedentes sinalados en parágrafos anteriores; que non procede o aboamento das facturas que sinala e que foron devoltas no seu momento por variación unilateral do prezo do contrato por parte da empresa, en consecuencia procede a desestimación da solicitude.

Esto é canto temos que informar, en Cee, na data da sinatura dixital.

Secretaria Municipal: Rocío Hermida Cancela.

Interventora Municipal: Rosa M^a Fernández Canosa.”

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente e en base ao informe transcrito, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- **Desestimar** a solicitude de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202199900001247 de data 19 de xullo, en base ao informe conxunto emitido pola Secretaria Municipal e Interventora Municipal, que consta transcrito na parte expositiva da presente Proposta.

SEGUNDO.- **Notificar** ao interesado coa indicación expresa de que o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta consta informe de secretaría e intervención desfavorable á petición realizada pola empresa, algunha intervención?.

Sr Domínguez García: o que reclama é a xestión porque no contrato figuraba a recollida e o transporte a sogama e sogama non cobraba pola xestión de residuos e agora sogama non recolle os enseres nin voluminosos e o ten que levar a outro xestor que si cobra, eso si que non entraba no contrato é asi ou non é como digo eu?

Sra Interventora: vamos a ver, la solicitud que había hecho era en el sentido de los traslados, entendían que non estaba dentro del contrato,

Sr Domínguez García: el transporte y recogida si.

Sra Interventora: pero el traslado al centro de gestión correspondiente no estaba, ellos presentaron una modificación en el pleno estableciendo eso y otras cuestiones que consideraban que non estaban en contrato, se hizo una valoración que se abonó mensualmente que exactamente no se, 3.500 y algo euros mensuales, un cierto tiempo después solicitaron que en esa solicitud inicial no se había cuantificado los traslados e informamos que se había hecho y el resultado final eran los 3500 mensuales, entendían que no, fue objeto de sentencia nos dieron la razón, volvieron a solicitarlo y lo mismo contestamos y reiteraron la solicitud diciendo que no querían que les informáramos sino una resolución administrativa que les diera pie a algun tipo de recurso o reclamación, entonces por eso se vuelve a informar lo que ya informamos en su día que todos esos gastos que la empresa consideran que no están incluidos sí fueron objeto de una modificación y cuantificación y se están abonando así consta en la sentencia que figura en el expediente.

Sr Domínguez García: nosotros vamos a votar en contra.

Sr Vigo: ben, nos entendemos que ningunha empresa concesionaria do Concello de Cee ten que soportar ningún custe que non sexa previsto inicialmente e si por calquera motivo cambian esas condicións e lle xera un contratempo o concello ten que resarcir e correxir esa situación e polo tanto tamén vamos votar en contra.

Sra alcaldesa di que soamente sulñar o que indicou a Sra Interventora que xa houbo unha sentenza, unha modificación contractual e está reiterando a petición que hai unha sentenza firma, soamente resaltar eso, a petición ven sendo a mesma que se fixo na súa legislatura Sr Vigo e que na súa legislatura votouse conforme os informes de secretaría e intervención.

-----VOTACIÓN-----

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sométese á votación a/o Proposta/Ditame e non resulta aprobada/o no seguinte sentido: 4 votos a favor do grupo político Psoe, 6 votos en contra dos grupos políticos PP e IXCee e 2 abstencións do grupo político BNG.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

3. Proposta da alcaldía relativa á declaración de postos vacantes da RPTPL: 01.01.02 (ALBANEL.

OFICIAL DE 1ª) E 01.02.0301.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª) por invalidez e xubilación respectivamente. EXPEDIENTE Nº:2021/X999/000309.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 20 de setembro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME:**

2. Proposta da Alcaldía relativa á declaración de postos vacantes na RPTPL: 01.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª) E 01.02.0301.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª) por invalidez e xubilación respectivamente. EXPEDIENTE N.º: 2021/X999/000309.

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA
EXPEDIENTE Nº:2021/X999/000309.**

ASUNTO: DECLARACIÓN POSTOS VACANTES RPTPL: 01.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª) E 01.02.0301.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª) POR INVALIDEZ E XUBILACIÓN RESPECTIVAMENTE.

Considerando a Relación de Postos de Traballado para persoal laboral deste Concello.

Visto que o titular do posto 01.01.02, consta a invalidez con efectos xaneiro 2016 así como a xubilación do titular do posto 01.01.02 con efectos agosto 2021.

Resultando que o 14 de setembro de 2021, tivo lugar a MESA XERAL NEGOCIADORA do Concello de Cee, alcanzando negociación positiva en relación ao asunto de referencia.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Declarar vacantes a todos os efectos os seguintes postos da RPTPL:

01.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª)

01.02.0301.01.02 (ALBANEL. OFICIAL DE 1ª)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos competentes.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee: Margarita Lamela Louzán.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE]”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión. A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----



Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, é para declarar vacantes os postos de albaneis, por invalidez que finalizou en xaneiro de 2016 e outro por xubilación en agosto de este ano, a Mesa Xeral Negociadora, votou a favor da declaración das vacantes.

Sr Domínguez García: xa comentamos na comisión preferimos que se externalice o servizo en lugar de contratar mais xente, e vamos a votar en contra.

Sr Vigo: exactamente igual que manifestei na comisión correspondente, dicir que independentemente de que teño que sulñar que levo moitos anos de concelleiros e fun alcalde que a disponibilidad e o traballo dos traballadores do concello non é cuestionable o contrario, realmente digno de eloxio en ese sentido non hai dúbida pero a relación de postos de traballo está desequilibrada porque non cubre as necesidades do concello en canto a tipoloxía dos traballadores e tampouco polos horarios dos traballadores, fai uns anos no mandato municipal que non me correspondía ser alcalde se amortizaron 3 prazas que eran as únicas que non se deberon amortizar, se fixo por indicación técnica e asunción política e foron os tres traballadores fixos do grumir que traballaban 24 h e estaban a disposición do concello en calquera momento, a día de hoxe si lle chaman porque soa a alarma do concello non ten a quen chamar salvo alguen de boa vontade ou vir Vde aquí o cal non é normal en absoluto, estas cuestións hai que normalizalas e sería mais razoable ter unha empresa de servizos que prestara este tipo de actividade e polo tanto vamos votar en contra,

Sr Domínguez Louro: nos non estamos a favor das externalizacións como este Pleno sabe, e como temos xustificando aquí innumerables ocasións que queden vacantes e se convoque o mais pronto posible sería o adecuado co cal o noso voto vai ser a favor.

Sra alcaldesa: o goberno tampouco está de acordo coa externalización, queremos que se declaren vacantes e evidentemente se sacarán as prazas na máxima brevidade posible.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a/o Proposta/Ditame e prodúcese un empate: 6 votos en contra dos grupos políticos PP e IXCee e 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE e BNG, repítese a votación, acadando o mesmo resultando, exercendo a alcaldía o votos de calidade a favor e resultando aprobada/o a/o Proposta/Ditame.

4. Proposta da alcaldía relativa ao Informe desfavorable ao cambio cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. Pluringüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Escabanas ao amparo do arti go 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 37411996. do 17 de outubro). Expediente Nº: 2021/X999/000299.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 20 de setembro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Informe desfavorable ao cambio cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. Pluringüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Escabanas ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 37411996. do 17 de outubro).



Expediente Nº: 2021/X999/000299.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito remitido a este Concello en data 14 de xuño de 2021 con NRE 1697, pola Dirección do CEIP Plurilingüe Euxenio López, que en parte se transcribe:

"(...) A Lei de Memoria Histórica de 2007 sinala no seu artigo 15 que "as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación. persoal ou colectiva. da sublevación militar, da Guardia Civil e da represión da Ditadura".

Por outro lado. o Parlamento de Galiza aprobaba o 26 de marzo de 2008 unha Proposición Non de Lei. instando á Xunta a "eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da Ditadura franquista" O centro "Eugenio López" leva o nome dun cargo público da ditadura. o que implica directamente unha "referencia franquista" que. en aplicación da Lei de Memoria Histórica e dos acordos do Parlamento galego. debería cambiar o seu nome. Sinalar tamén que esta persoa non tivo ningún tipo de arraigo nin presenza na vida de Cee, nin na contorna" nin moito menos no colexio. O seu "mérito" foi ser Director Xeral de Ensino Primario no momento da inauguración do centro. O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 37411996. do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que " As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán. segundo corresponda. a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil. Colexio de Educación Primaxia ou Colexio de Educación Infantil e primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e con informe favorable do Concello". Consonte con todo o anterior o Consello escolar deste Centro, en reunión celebrada o 1 de xuño de 2021 tomou os seguintes acordos:

- 1.- Iniciar o trámite para proceder ao cambio de nome deste Centro e adaptalo á legalidade vixente.
- 2.- Propor como nome o seguinte: CEIP PLURILINGÜE ESCABANAS

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 37411996. do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que " As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil. Colexio de Educación Primaxia ou Colexio de Educación Infantil e primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e con informe favorable do Concello".

Visto o informe emitido en data 2 de setembro de 2021, polo técnico de cultura, D. Victor Castiñeira Castro que literalmente se transcribe:

"Informe "Cambio de nome do CEIP Plurilingüe Eugenio López"

Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do concello de Cee, unha vez examinada a solicitude presentada por Dna. Almudena Feal Díaz, directora do CEIP Plurilingüe Eugenio López en data 14 de xuño e nº de rexisto 1697, emito o seguinte

INFORME:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Antecedentes

O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Eugenio López acordou en data 1 de xuño de 2021 substituír o nome actual do centro educativo polo nome *CEIP Plurilingüe Escabanas*. Argumentan para este cambio o cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007 (art. 15) e a Proposición Non de Lei do Parlamento de Galicia de 26 de marzo de 2008 referida a promover a supresión dos nomes en edificios públicos que fagan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da Ditadura de Francisco Franco.

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que *"As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e co informe favorable do Concello"*.

¿Quen foi Eugenio López?

Sabemos que en 22 de maio de 1968 foi nomeado polo Consello de Ministros Director Xeral de Ensino Primario e que desde 1962 era o Delegado Nacional de Xuventudes (sección do partido político "Falange Española Tradicionalista y de las JONS"). Licenciado en Dereito tiña sido xa gobernador civil, conselleiro nacional do *Movemento*, procurador en Cortes, membro do Consello Nacional de Educación, presidente dos Concursos Internacionais de Formación Profesional, membro do Comité de Educación Extraescolar do Consello de Europa, delegado de España na Conferencia Mundial da Xuventude da Unesco e Director do Instituto da Xuventude.

Autor de varias publicacións sobre a administración local, emigración, sociografía e política, foi fiscal da Audiencia Provincial de Toledo (1975), mentras que en 1988 foi nomeado tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado. Finado en Madrid no ano 1995 contaba coa Gran Cruz da Orde do Mérito Civil, a Grande Cruz de Afonso X o Sabio, a Gran Cruz da Orde de Cisneros e a Gran Cruz do Mérito Militar con distintivo branco.

Os seus anos como Director Xeral de Ensino Primario teñen moito que ver co feito de que algúns centros educativos como o de Cee levaran o seu nome (tamén en Zaragoza ou Palma de Mallorca).

No caso de Cee, o Pleno Extraordinario de 17 de abril de 1973, a proposta do Alcalde José Sánchez acordou no seu punto 5º ... *que en su día se le de el nombre de D. Eugenio López López a la Agrupación Escolar de Enseñanza General Básica de la Villa...*

O cambio de nome en relación á Lei de Memoria Histórica

Non hai dúbidas da vinculación de Eugenio López coa ditadura franquista. Os cargos ocupados ó longo da súa vida e algunhas das condecoracións recibidas así o avalan. Agora ben, consideramos que hai que ser cuidadosos con este tipo de cuestións. A Guerra Civil e a posterior ditadura do xeneral Franco forman parte da nosa historia e como tal é preciso que sobre todo as novas xeracións a coñezan. Lóxicamente, estamos a favor de quitar os recoñecementos a aquelas persoas involucradas directamente no alzamento de 1936 e na posterior represión pero consideramos que non se debe aplicar un único criterio uniforme para deslexitimar e facer desaparecer corenta anos da historia de España. Se aplicamos este único criterio, por exemplo, o nome da Biblioteca Pública de Cee "Francisco Mayán", o Paseo do alcalde Pepe Sánchez ou a Praza de Ketty Quintana tamén deberían cambiar de nome e non nos parece lóxico nin razoable.



Parece máis axeitado invocar o cambio de nome do colexio en función de que Eugenio López, tal e como se indica no escrito de solicitude *non tivo ningún tipo de arraigo nin presenza na vida de Cee nin da contorna*.

Proposta dun novo nome para o colexio ceense

A proposta do Consello Escolar é a de nomear o centro como *CEIP Plurilingüe Escabanas*. Preténdese darlle ó colexio un nome toponímico erróneo xa que o centro educativo non se atopa no lugar de Escabanas, nome por outra parte deturpado recentemente xa que o nome histórico foi sempre o de *lugar das cabanas*. Realmente, a zona na que se atopa o colexio é a denominada *Agra tras da Cortaduría*. Así consta na sesión plenaria de 12 de xuño de 1970 en relación á apertura dunha rúa para dar acceso ó futuro colexio: ... *Continúa el Sr. Alcalde exponiendo a los Concejales, que como ya sabían se había procedido a la compra de terrenos en la citada "Agra Tras da Cortaduría", en una mensura de 11.953 metros cuadrados, por un precio total de 1.689.205 pts. De dicha superficie se hizo cesión gratuita al Ministerio de Educación, para el proyecto de obras y demás servicios que abarque el Centro Docente de Concentración Escolar Primaria, de 10.000 metros cuadrados, según acuerdo adoptado por este Ayuntamiento en Sesión Plenaria de 6 de diciembre de 1969...*

Na propia sesión deixase constancia das dificultades existentes para darlle acceso ó propio centro educativo que se solventaron grazas a boa predisposición da dona dos terreos *Da Cortaduría*, Dña. Teodora Pequeño Canosa, quen cedeu 400 metros cadrados da súa finca para que o concello poidese abrir unha rúa recta de 10 metros de ancho *en todo lo largo de la finca "Da Cortaduría" de la propiedad citada (70 metros de longitud)*, comprometéndose o concello a tirar co muro que pechaba a finca e ó seu posterior levantamento seguindo a nova liña da rúa, obra que se estimou en 80.000 pts.

Dado que o tóponimo real do lugar sobre o que está asentado o centro educativo non parece o máis axeitado, e que o nome de *A Lazarada* que fai referencia ó manancial de auga sito nas proximidades xa ten sido desbotado con anterioridade, consideramos que debería de aproveitarse o cambio de nome para facer un público homenaxe a algunha persoa ou persoas que estivesen moi vinculadas ó colexio e tamén á vida social e cultural da vila de Cee.

Neste sentido queremos propoñer un recoñecemento a aqueles mestras de finais da década dos 60 e posteriores, que nas escolas unitarias primeiro e no colexio Eugenio López despois xogaron un papel destacado na educación e ensino de centos de ceenses. En representación de todas elas queremos salientar dun xeito especial a tres: Ana Villar, M.^a Carmen Castro "*Doña Maruja*" e Yolanda Vázquez. Ben coñecidas e queridas por todos, non hai dúbida de que calquera das tres dignificou unha profesión, a de mestra, entendida dunha maneira plenamente vocacional.

A proposta de novo nome para o colexio para a súa consideración polo pleno da corporación municipal sería a seguinte:

CEIP Plurilingüe "*Mestras Ana, Maruja e Yolanda*"

Cee, na data da sinatura dixital

O Técnico

Asdo. Víctor Manuel Castiñeira Castro."

Considerando que por Oficio da Alcaldía de data 7 de setembro de 2021, se remite o CEIP plurilingüe Euxenio López, se comunica o informe anteriormente transcrito e que conclúe:

"(...) O que traslado aos efectos de que, de consideralo oportuno, sometan a acordo o cambio de nome polo indicado no informe, para posteriormente comuniquen a este Concello e se pronuncie o Pleno da Corporación, e caso contrario someterase o cambio remitido a este Concello o 14 de xuño de 2021, con informe desfavorable (sensu contrario) emitido polo técnico de Cultura, do que agora se lle



da traslado. Así mesmo, advírtese, que mentras non se reciba contestación algunha a este trámite, quedará en suspenso o prazo para resolver/emitir informe a súa solicitude.(...)"

Resultando que en data 15 de setembro de 2021, con NRE 202100000002839, o CEIP Plurilingüe Euxenio López, presenta no rexistro da Corporación, escrito que literalmente se transcribe:

"ASUNTO: Resposta ao informe emitido polo técnico de Cultura D. Víctor Castiñeira, relativo a solicitude do cambio de nome do centro CEIP Plurilingüe Eugenio López polo CEIP Plurilingüe Escabanas con data do 07/09/2027.

Dende a dirección do centro, infórmase ao excelentísimo Concello de Cee, e polo tanto, ao seu técnico de Cultura, que na reunión última do Consello Escolar acordouse a devandita solicitude de cambio de nome. O consello Escolar é o órgano máximo de participación no control e xestión do centro dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa polo que cremos que debería ser respetada e ter a total competencia da administración do centro respectando a súa decisión. Polo que, como resposta ao informe desfavorable do cambio de nome suxerido polo concello e no que se suxire como alternativa como nome do centro "CEIP Plurilingüe mestras Ana, Maruja e Yolanda", amosamos a nosa desconformidade co mesmo, posto que non hai dúbida da relevancia destas tres mestras no ámbito local. Recordámoslle que deste xeito esquecémonos de moitos mestres e mestras que desenvolveron a súa carreira ou parte dela neste centro, sen ir máis lonxe, o último director vocacional do centro D. Manolo Canosa que permaneceu ao cargo 25 anos, 1/4 de século.; e como el tantos outros como Pepe Cañizo, ou a nosa querida compañeira tristemente falecida Pepa Fandiño.

Por iso, dende primeiro momento a comunicade educativa do centro desestimou nomenclaturar o centro cun título nominativo persoal (como o que vostedes propoñen). Unha vez argumentado, volvemos a facer a proposta do nome acordado no claustro do día 1 de xuño do 2021 e aprobado tamén polo Consello escolar (do cal forma parte xente de toda a comunidade educativa; pais, nais, persoal docente, non docente e representante do concello) realizado o mesmo día, sendo elixido o nome "CEIP Plurilingüe Escabanas" que actualmente é o nome da zona na que se atopa o centro. Sobre o cambio de nome, recordamos (como no anterior escrito) que o propuxemos porque ademais de que "Eugenio López" non ten vinculación co concello de Cee, tamén porque tal e como di a Lei de Memoria Histórica de 2007 no seu artigo 5, polo Regulamento orgánico das escolas infantís e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro) no seu artigo 8.7, pola Proposición Non de Lei do Parlamento de Galicia aprobada o 26 de marzo de 2008 e pola declaración institucional aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego o 18 de xullo de 2016, "Eugenio López" sí ten referencia a persoeiros representantes ou partidarios da Ditadura franquista, pois Eugenio López leva o nome dun cargo público da ditadura, con todo iso, e en referencia a resposta recibida polo concello, como centro educativo, estamos de acordo con que a guerra civil española é unha parte da nosa historia a estudar, por suposto, non temos dúbida, pero consideramos que de ningunha maneira débese enxalzar

Rogamos pois, tal e como fixemos no escrito anterior, iníciense as accións necesarias para que o concello que vostede dirixe emita informe favorable e esta proposta tan pronto como sexa posible ."

Considerando o informe emitido en data polo técnico de cultura, D. Víctor Castiñeira Castro en data 18 de setembro de 2021, que literalmente se transcribe:

**"Informe en contestación ó escrito presentado polo
CEIP Plurilingüe Eugenio López de data 15 de setembro**

Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do concello de Cee, unha vez examinado o



escrito presentada por Dna. María Jesús Souto Caamaño, directora do CEIP Plurilingüe Eugenio López en data 15 de setembro e nº de rexistro 2839, emito o seguinte

INFORME:

Antecedentes

O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Eugenio López acordou en data 1 de xuño de 2021 substituír o nome actual do centro educativo polo nome *CEIP Plurilingüe Escabanas*. Argumentan para este cambio o cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007 (art. 15) e a Proposición Non de Lei do Parlamento de Galicia de 26 de marzo de 2008 referida a promover a supresión dos nomes en edificios públicos que fagan referencia a persoeros representantes ou partidarios da Ditadura de Francisco Franco.

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que *"As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e co informe favorable do Concello"*.

No anterior informe presentado por este técnico, despois de facer unha breve semblanza de Eugenio López concluíase que dado que a súa figura non gardaba relación con Cee e coa contorna podía aproveitarse a circunstancia da solicitude de cambio de nome do centro para facer un público homenaxe a algunha persoa ou persoas que estivesen moi vinculadas ó colexio e tamén á vida social e cultural da vila de Cee.

Neste sentido propoñíase un recoñecemento, personificado nas figuras de Dona Ana Villar, Dona Maruja Castro e Dona Yolanda Vázquez, a aquelas mestras de finais da década dos 60 e posteriores, que nas escolas unitarias primeiro e no colexio Eugenio López despois, xogaron un papel destacado na educación e ensino de centos de ceenses.

E facíase esta proposta porque o nome proposto polo centro, o de *CEIP Plurilingüe Escabanas* non se corresponde co lugar de emprazamento do centro como xa quedou suficientemente exposto no informe previo. Ademais, consideramos que o feito de propoñer a estas tres mestras encaixaba ben nun momento como o actual, no que o feminismo está cada vez máis presente na sociedade e no que é tan importante visibilizar o traballo feito polas mulleres na procura dunha sociedade mellor e máis igualitaria.

Esta proposta non pretendía en ningún momento menoscabar as competencias do Consello Escolar e da Comunidade Educativa e respetamos, como non podía ser doutra maneira, o feito de que se prefira non darlle o nome persoal dalgún antigo/a mestre/a ó colexio para evitar posibles desagrazos.

Incídese no escrito por parte da dirección do colexio Eugenio López no cumprimento da Lei de Memoria Histórica e que non se deben ensalzar ás figuras relacionadas coa ditadura. Aínda estando dacordo neste último, reiteramos o xa exposto no anterior informe engadindo agora a reflexión que sobre a figura de Eugenio López facía, en relación a unha rúa co seu nome en Camariñas, non hai moito tempo no xornal *La Voz de Galicia* alguén tan pouco sospeitoso de simpatizar coa ditadura como é o recoñecido investigador da represión franquista na nosa zona, Luis Lamela.

A falta de una investigación más exhaustiva, también existe una avenida dedicada a Eugenio López, el que fue subjefe provincial del Movimiento de A Coruña, y por lo tanto, falangista. Indudablemente apegado y comprometido con la dictadura de Francisco Franco. No obstante, a pesar de que su caso no esté contemplado específicamente en la Ley -Eugenio tenía 15 años en 1936- como gobernador civil y jefe provincial del Movimiento de Cuenca, fiscal de la Audiencia de A Coruña y fiscal jefe de la Audiencia Provincial de Toledo, es posible que, de alguna forma, hubiese tomado parte en la represión



Exp. 2021/G010/000012

de la dictadura franquista durante la posguerra, pero comprobar estos extremos llevaría un trabajo que no podría por mi parte efectuar. La posible exclusión o no de su nombre de la calle citada, podría ampararse en que «los ciudadanos tienen derecho... a que los símbolos públicos sean ocasión de encuentro y no de enfrentamiento, ofensa o agravio», que también lo dice la ley, si tenemos en cuenta las manifestaciones públicas que se han producido en otro pueblo de la zona sobre este mismo personaje.

Consideramos moi acertada esta reflexión de Luis Lamela e non vemos que se ensalce a ditadura polo feito de que o colexio leve o nome de Eugenio López nin percibimos un malestar social xeralizado por este feito.

Para **concluir** e non pretendendo en ningún momento menoscabar as competencias do Consello Escolar, reiteramos que, estando a favor de que se lle dé unha nova denominación ó colexio, rexéitase o nome proposto de *CEIP Plurilingüe Escabanas* en uso do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro).

Consideramos que o nome do topónimo escollido para o centro non se corresponde co da súa ubicación aínda que no escrito presentado se afirme o contrario. Historicamente non hai documentos que así o acrediten e o feito de que algunhas persoas poidan considerar que o colexio se atopa nas Escabanas non lle confire oficialidade algunha. A partir da planimetría existente no concello e da documentación catastral consultada podemos considerar que toda a zona do colexio e a máis próxima ó mesmo pertence ó núcleo urbano de Cee, tendo que cruzar o río, que serviría de fronteira natural para achegarnos ós lugares de Pallares e Escabanas.

E para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en Cee, na data da sinatura dixital.

O Técnico

Asdo. Víctor Manuel Castiñeira Castro.”

Por todo o exposto e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**:

PRIMEIRO.- Informar desfavorablemente ao cambio de nome do centro educativo C.E.I.P. Plurilingüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Escabanas ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro), motivado na parte expositiva da presente proposta.

SEGUNDO.- Dar traslado do informe desfavorable ao C.E.I.P. Plurilingüe Euxenio López, aos efectos oportunos e en consecuencia considerar efectuado o trámite obrigatorio do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Asinado dixitalmente ao marxe
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 voto en contra do grupo político BNG e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, xa foi debatido na comisión, algunha intervención?

Sr Domínguez Louro: como saben non estiven na comisión estivo o compañeiro que defendeu a postura como eu agora, despois de ver o expediente, e observar que o debate que se deu entre o consello escolar, dirección do centro e é de cultura con todo o respecto cremos que non se debía ter dado, entendemos que un técnico neste caso de cultura emita informe sin problema para eso están e aí debe parar o asunto, debe vir a comisión e pleno e teremos que ser a parte política quen debata a comenencia ou non de cambiar o nome do colexio, dito isto con todo respecto a quen emite informes, unha reflexión os distintos gobernos que levan pasado e distintas corporacións durante anos por este salón cóstalle moito decidir cambiar o nome do colexio creo que é o terceiro ou cuarto intento, en calquera caso é unha pena que non se vaia aceptar a proposta de cambio mais aló de si é axeitado ou non polas circunstancias que expón o técnico no informe, fai ben pouco tempo no anterior mandato Sr Vigo este concelleiro que lle fala propuxo unha homenaxe, unhas xornadas divulgativas sobre a figura de Baldomero Cores, e pedín tamén que se lle puxese o nome o Colexio de Baldomero Cores non se aceptou, aceptouse por maioría o do auditorio sin parecer nos dispartado consideramos que foi unha oportunidade perdida porque a figura de Baldomero Cores suscitaba unanimidade e seguramente en toda veciñanza polo que el supuxo e polo que supoxo durante a democracia a súa labor política como divulgativa e de escritor co cal para nos foi consideramos unha oportunidade perdida, en calquera caso e antepoñéndome a votación repito que é unha pena que non se lle cambio o nome que non se acepte ese nome e o que temos que decidir que convidamos a que non morra o conto hoxe aquí, Vde convoque a comisión no menor tempo posible, a que corresponda e que nela se convoque os grupos e que haxa unha tormenta de ideas para poder cambiar o nome no menor tempo posible, nese informe do que fai antes do técnico de cultura o nome da Lazarada que non hai discusión é a fonte que emana dentro das instalacións do colexio foi rexeitada no seu día, pero non vexo inconvinte para que esta corporación se pronuncie sobre ese nome e por poñer un exemplo, ou outro que poidera suscitar unanimidade, non cando menos discusións airadas, sería CEIP Vila de Cee, por poñer un exemplo pero na contorna hai casos parecidos, o CEIP Areal, Ponte do Porto, Praia de Quenxe os Muíños.....co cal buscar un nome axeitado e no que esteamos mais ou menos de acordo todos creo que non debería de ser tan difícil e o meu convite o convite do BNG para que así se faga, cremos que o nome de Euxenio López non é o axeitado, non concordo para nada ca visión do informe, non concordamos que non se lle cambie o nome, si queremos aceptar que Eugenio López non tiña vínculo con Cee, si queremos que sexa a razón, fagámolo. O BNG asumirá que ese nome vai ser cambiado pola Lei de Memoria Histórica, desexo que non volvan a pasar outros tantos anos, senón que este é o comezo e fagamos a tormenta de ideas, pasémosllas ao Consello escolar e que emitan a súa opinión e a partir de aí cambiemos o nome porque hai exemplos suficientes que son mais axeitados.

Sra alcaldesa: como xa dixen na comisión o goberno está de acordo con cambiar o nome o colexio de Euxenio López a proposta baséase no informe emitido polo técnico de cultura, non conformes coa proposta do centro non hai inconvinte en convocar a comisión pero hai que ter presente que por moitas propostas que fagamos en realidade quen a fai é o centro, nos emitimos informe favorable ou desfavorable, a proposta ten que vir dende o centro eso di a normativa, podemos ter a comisión mandar os resultados pero a proposta ten que vir deles.

Sr Domínguez Louro: si, entendo o que di, está claro que é así, pero entendemos tamén que si facemos unha ou varias propostas poderán decidir si son acidas ou non esas propostas, o que esta claro que si de aquí sal un non rotundo con toda probabilidade o deixarán aparcado porque empezou o ano escolar e teñen mais traballo do que tiñan ata agora, esa é a maneira de consensuar con eles. Si saen 5 ou 6 algunha agrada o Consello escolar, porque si volvemos a dicirlle que manden eles,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



dependeremos dun informe parecido e estar na roda e volta a empezar, penso que é mais práctico o que digo aproveitando a inercia que o consello escolar pillaron para rematar con este debate porque non me apetece nada debatir sobre o colexio Euxenio López, xa van moitos anos de democracia e é necesario e imprescindible cambiárllo, tamén estou seguro que eles e elas o van aceptar e elixir desa tormenta de ideas, unha e chegar un acordo.

Sra alcaldesa: non hai inconveniente, convócase a comisión dámoslle a batería de ideas e que digan a proposta.

Sr Domínguez Louro: correcto.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por 2 votos en contra do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

5. Proposta da alcaldía relativa a Transferencia de crédito Nº 5/2021. Expediente Nº 2021/T002/000024.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día martes 21 de setembro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a Transferencia de crédito Nº 5/2021. Expediente Nº 2021/T002/000024.

Considerando a seguinte:

“**PROPOSTA ALCALDÍA.**

ASUNTO: Transferencia de Crédito 5/2021 para obras
EXPEDIENTE Nº: 2021/T002/000024

D. Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, tras valorar a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria relativa os gastos de mantemento de bens destinados ao uso xeral, vistos os créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a gastos de persoal ante a necesidade de realizar un gasto imputable á citada partida, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO: Dotar a partida do crédito suficiente para sufragar a realización do gasto, mediante a correspondiente modificación orzamentaria, dentro do orzamento para o 2020 prorrogado para 2021 (baixo a modalidade de transferencia de crédito, minorándose as partidas incluídas na ficha anexa), por un importe de 56.000 €.

SEGUNDO Este importe se destinará a facer fronte ós gastos que ocasionará o mantemento das infraestruturas públicas destinadas ao uso xeral.

FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS – EXPEDIENTE 05/2021

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
---------	---------	---------	---------



DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
920/121.03	7.365€	150/212.00	
920/120.00	7.286€		
920/121.00	8.861€		
920/130.00	32.488€		
TOTAL			56.000€

Alcaldesa do Concello de Cee.
 Margarita Lamela Louzán.
 [documento asinado electrónicamente].”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.
 A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é unha transferencia de 56.000 euros para partida de mantemento e conservación e como xa indiquei para acometer unha serie de obras, de mantemento e conservación moitas delas solicitadas pola oposición, en diversos plenos en rogos e preguntas ou por outras vías, os quitamedos en Ameixenda, en Lires nuns tramos en Codesos onde saíron dous vehículos, o saneamento en catro casas en Pallares, o saneamento no campo do sacramento temos un problema cunha tubaxe rota, temos que abrir, por outro lado a limpeza das cunetas, limpeza de terra, para evacuación da auga como é na baixada de Canosa a Lires, de baixada de Duei a Lobelos, baixada de Chafaris a Bedan e Lobelos, en Gures dende a pista de Caneliñas ata aldea de Gures, por outra banda, temos aí unha bomba na rotonda estropeada que temos que acometer, e para pouco mais chega o que poden ser estes cartos.

Sr Domínguez García: a altura do ano que estamos debería haber presentado presupostos, e as obras que nos dixo de viva voz na comisión pero non figuraban no expediente, non podíamos nos decidir ou aportar porque nos tamén entendemos que algunha obra mais é urxente e vamos votar en contra.

Sr Vigo: durante todo mandato anterior Vde me reiterou en diversos plenos que non traía un orzamento para aprobar e que así non podía funcionar nin podía traballar en base a modificacións de crédito ou outro tipo de procedementos administrativos que permitan ter fondos que posibiliten e devolvo por pasiva, ten unha situación política mais doada, en tres meses aprobou 2 orzamentos, invítolle que convoque a comisión de economía e intente ter un orzamento e non ter que estar a finais de setembro ca necesidade de buscar dun lado ou doutro para facer actuacións que son necesarias como outras moitas si tiveramos ocasión de participar e decidir cales son as prioritarias polo tanto o noso voto vai ser contrario.

Sr Domínguez Louro: 56.000 euros de esa TC non é unha millonada, non da solucións a todas as necesidades que ten este concello na vila ou nas parroquias nin moito menos, sen embargo, consideramos que un goberno con 4 ou 5 neste caso debería ter convocada a comisión doutro xeito, si se convocase tal cual se fan as do POS no que Vde traería esas obras e os demais outras parecidas ou similares, pero hai mais necesidades das que expón, coincido en moitas das que dixo algunha incluso petición miña neste Pleno a esas non lle ia poñer problema pero hai outras que a veciñanza fai e fai o BNG e que quería ou deberíamos ter a oportunidade de poñer enriba da mesa e chegar a un acordo, tense demostrado que cando queremos acordar co POS nos poñemos pasou nos seis anos, tantos 4 anos de Ramón Vigo como os dous que leva Vde no POS foi relativamente fácil e sorprendentemente incluso a veces chegamos a un acordo con certa facilidade, creo que se debería ter feito o mesmo, optouse doutra maneira, como Vde creu convinte xa o ten feito noutras ocasións e



botamos en falta que non sexa como dicimos, a nosa postura vai ser a abstención pola razóns que dixen pero sería a favor si se fixese doutra maneira.

Sra alcaldesa: vou contestar de forma conxunta, a partida de mantemento e conservación é de 200.000 euros, os orzamentos si non os trouxen nestes intres ou por agora e por unha razón, a RPT, ata que teña datos da RPT e custos de persoal para incluír no presuposto que se pretende traer para súa aprobación, con independencia de todo, Vde os dous estiveron no goberno, saben que hai partidas que é normal facer unha modificación presupuestaria principalmente neste caso que procede da partida de persoal por unhas vacantes dun determinado persoal, temos que ter en conta a partida íntegra do persoal. Si non se cubre pola razón que sexa eses cartos podemos transferir para outra partida e facer fronte a necesidades básicas pero sexa o orzamento que sexa, a razón de que non traio por agora os presupostos é porque quero ter o resultado da partida de persoal para o cal teremos as comisións correspondentes para falar o respecto. Eu trouxen a comisión plantexei unha serie de obras, non houbo intervención de ningún grupo, si non se estaba de acordo ou se querían incorporar algúnha, por parte do goberno tampouco tiña inconvincente, ningún porque todo é necesario, sexa o que sexa, os quitamedos, que dalgunha maneira puxen de manifesto unhas peticións que me fixeron nos rogos e preguntas ou outras formas a veces por escrito e fixen atendendo esas necesidades e considero que son urxentes e con 56.000 euros non é unha cantidade excesiva e é o final de ano porque nos quedan eses cartos na partida pero si a maioría decide que non non pasa nada, quedan sin facer.

Sr Domínguez García: entendo que viñera na comisión especificado e nos traeríamos outra proposta ou non, porque tamén hai obras pequenas, como a do Son que está reclamando sempre pero chegou aquí non sabíamos nin as partidas, as obras fan falta todas pero é a corporación a que ten que decidir cal ten mais presa e cal non ten, porque Vde non ten maioría, si non se conta o normal é que pase isto nos Plenos.

Sra alcaldesa: en relación a obra do Son, a obra do Son terá que vir a un POS non é tan sinxela, a obra hai que facela cun chimpín, e non como pretende a persoa interesada, non costa en sí pouco carto, hai que atender a todas as peticións incluso as lindantes de paso que facemos o saneamento facémolo ben, hai que picar, hai pedra, temos que ir polo publico é mais recorrido, si non mencionei a obra do Son é porque custa mais do que se pode pensar porque xa mirei, entón era porqué a mencionou por iso digo a de Pallares que son 4 casas e por terra, e custa moito menos que picar, cemento, pedra, picar pedra que ten moito mais custe, soamente era eso.

Sr Vigo: ten Vde unha tendencia cara dicir que a oposición non lle plantexa nada e que calan nas comisión non é certo moitas cousas que se plantexaron dixéronse nas comisións, unhas si e outras non, porque tamén hai política Vde leva tempo aqui estivo na oposición e agora de alcaldesa si Vde quere sacar adiante este tipo de modificacións de crédito que afecta a obras publicas ten que dar oportunidade a oposición con independencia que nun momento considerara que eran importantes ou non, cales son as que considera mais importantes eso é normal nunha situación como a que ten Vde que ten minoría, Vde ten a capacidade de facer ese tipo de propostas e a oposición ten a capacidade de votalas a favor ou en contra.

Sra alcaldesa: por iso lle digo que non hai inconvincente para o mes que ben traio a comisión ca modificación, traedes as propostas e facemos as obras que todas son as importantes, non vai haber problemas polo goberno e moitas destas, a do quitamedos propúxo a BNG e está aí, os quitamedos xa son 15.000 euros mais ive contando todos os tramos así que imaxínese o que resta, son 56.000 euros non falamos de miles, e miles e miles de euros.

Sr. Domínguez Louro: moi brevemente porque xa acaba de dicir todo o que ía dicir ademais na contestación que me da contestase a si mesma, a este punto faltoulle unha comisión previa a ultima comisión, di que gardamos silencio e non decimos nada, nos escoitamos o que quer facer e que vamos a facer? propoñerlle algo aí, o "modus operandi" é o que lle dixen anteriormente, si a semana anterior tivera convocado a outra chegaríamos a un acordo relativamente fácil non me vou a opoñer os quitamedos que acaba de comentar porque é unha necesidade imperiosa e seguramente esas casas



de Pallares que necesitan o saneamento non nos vamos opoñer a esta tipo de obras que sempre apostamos por elas temos a premisa de que na política hai dúas cousas, a primeira, a necesidade dialogo e consenso que non se dou neste caso e que é necesario, estrutura a política dunha maneira que sexa por prioridades. esas obras súas son necesarias? ninguen vai dicir o contrario pero igual hai outras que tamén o son a maiores das que deu Vde. A invito o que acaba de dicir Vde convoque outra comisión, fagamos o que teñamos que facer da maneira similar que imos facer co POS e seguramente se poda aprobar este Plan.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e non resulta aprobada no seguinte sentido: 4 votos a favor do grupo político PSOE, 6 votos en contra dos grupos políticos PP e IXCee e 2 abstencións do grupo político BNG.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: da N° 846/2021 do 23 de agosto á N.º 940/2021 do 20 de setembro.

Quedan enterados/as.

7. Dar conta (Expediente N° 2021/X999/000252):

- Período Medio de Pago.

Quedan enterados/as.

- Execución trimestral 2º Trimestre 2021.

Quedan enterados/as.

- Líneas fundamentais Orzamento 2022

Quedan enterados/as.

- Morosidade 2º Trimestre 2021.

Quedan enterados/as.

8. Mocións de urxencia.

Non se introducen mocións pola vía de urxencia.

9. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: xa comentamos había que iniciar os tramites para chegar a un acordo co episcopado ou párroco de Cee para recuperar o que é a casa reitoral de Toba e facer unha especie de casa da cultura porque Toba é a única parroquia que non ten local onde reunirse e ademais que está perigosa e é unha pena non recuperala que é antiga de cantería que se debía recuperar, en Estorde quéixanse que fai tempo da sinal de teléfono creo que había que facer xestións con telefónica ou a Xunta porque non chega a sinal de móbil despois me gustaría que me dixera a marca do fabricante das luminarias que se están poñendo en cada zona, cal é a marca o fabricante de cada luminaria.

Sra alcaldesa: nas viarias?

Sr Domínguez García: todas a de Fadibón...

Sra alcaldesa: unas son Monoff, outras...

Sr Domínguez García: si non che importa por escrito.

Sra alcaldesa: e que non me acordo do nome de todas, agora nunha que se formalizou e outro se vai formalizar son de Setga.

Sr Domínguez García: si non lle importa por escrito.

Sr Vigo: un tema decimonónico que xa nos tocou a varios e resolvendo puntualmente polo menos para eso, alí na zona entre a Igrexa de Lires e a depuradora hai unha liña de alcantarillado que se atasca de forma reiterada e non sei si o camiión de desatascos que se utiliza no centro do concello cando é



necesario podería resolver puntualmente o problema e si a futuro é posible acometer unha actuación que o resolva sería bo porque xera conflito a para veciñanza naquela zona.

Sra alcaldesa: cando hai atasco chamo e de forma practicamente inmediata salvo que estea o camiión ocupado, o tema de Lires estou mirando para tratar de cambiar a depuradora, pero temos que ter en conta que está suxeito a un montón de permisos sectoriais e buscar un terreo e conseguir os permisos non e fácil pero estou mirando e tratar de cambiar a depuradora buscando o terreo adecuado e logo buscar a financiación para acometer a obra, para darlle unha solución definitiva porque estamos sempre co problema.

Sr Vigo: eso sería o ideal pero non sei exactamente si o problema ven polo funcionamento da depuradora ou un problema da canalización non o sei moi ben, a verdade porque na zona non debería haber problema pero é algo que recorrente no tempo e que sempre se resolve puntualmente e nunca definitivamente, isto deixo para a ocasión que se poida pero puntualmente si porque os veciños se senten afectados e molestos por ese tipo de cuestións que son sempre molestas

Sra alcaldesa: mire cando ven o veciño me di que ese problema leva mais de 20 anos, non sei porque a veces prantexan algunha pregunta que parece que non foron alcaldes, tamén o tiñan Vdes cando foron alcaldes e a solución? que me contesta agora? sabe cal e o problema e a solución?

Sr Vigo: si Vde me deriva para arriba a cuestión evidentemente eu entro no lote pero o lote é moi amplo, de entrada preferiría que non derivara para arriba porque non é o idóneo falo de solucións puntuais e cando se poda a definitiva segundo criterios técnicos, eu non son técnico e moitas solucións acometidas pensouse que eran definitivas e non o foron, non rexeito a miña responsabilidade pero tampouco trasladala a ninguén falo con Vde que a ten agora, como se fora o Sr Domínguez, o Sr Domínguez Louro ou se fora eu.

Sra alcaldesa: facer unha reflexión a veces hai solucións que non son sinxelas porque si o fora seguro que xa estaba solucionado polas anteriores corporacións e a veces é difícil en eso estón de acordo.

Sr Vigo: si pero o importante é que a dificultade, vou falar.... fora de lugar, que a dificultade che poña a min sempre me animan, me estimulan, eso é moi importante, soamente intento xerar ese animo por non utilizar outras expresións.

Sra alcaldesa: gracias, se agradece.

Sr Domínguez Garcia: a praza do Montañes vaise cambiar pronto? porque hai unha reactancia que fai un ruído e de noite fai moito ruído.

Sra alcaldesa: para semana que ven formalizaremos o contrato e logo esperemos que neste ano.

Sr Domínguez Louro: teño varias cousas pero aproveitando que o Pisuerga pasa por Valladolid e se fala de Lires vou dar por enésima vez a miña opinión para que non se cometan erros poñendo a funcionar depuradoras que non van funcionar nunca co sistema actual, o tema que acaba expoñer o Sr Vigo creo que é un problema de construción que está mais baixo e fai pozo ali e a tubería vai atascándose, pódese desatascar e aguantará un tempo pero vai seguir dando problemas, o tema de depuradora estaría encantado que non estivera ali que estivera mais lonxe da ría agora ben, o problema da contaminación da ría e praia de Lires non pasa polo sitio onde está a depuradora, o problema da mala depuración das augas en Lires como Ameixenda, Estorde e demais, pasa y o expón na memoria que fai o enxeñeiro no proxecto de Ameixenda e comenza algo así como a esta depuradora funciona mal porque non se fai un mantemento axeitado e esa persoa que tiven o pracer de coincidir en traballos sabe do que fal e evidentemente ten capacidade para dicir o que di, por moito que cambiemos a depuradora podemos anotarnos un tanto estético pero o problema vai estar aí, coa dificultade añadida que Vde dixo vai ser complicado sacala de ali pero si queremos solucionar o problema hai que levantar Lires, eso é así, cando lle fixen a petición a Vde e o concelleiro de obras que creo que estivo alí mirando, se demostra naquel punto que é un desastre, a auga residual chega por un lado as reixas de canalización de pluviais van o mesmo sitio, Lires todo en pendente, augas da choiva que baixan a mares todas para a depuradora, non vai funcionar nunca, si queremos solucionar



o problema temos que ir a raíz e empeza enriba das Eiras, porque ali hai separación de residuais pluviais.

Sra alcaldesa: no.

Sr Domínguez Louro: eso me comentan, non sei si despois dse xuntan outra vez, o que pasa é que están mal conectadas, hai que ir a primeira casa e saber onde van as augas das choivas e teitos e onde van as que hai que tratar, si facemos iso, eso é a dificultade, a económica, fai falta carto para facer iso pero ese é o gran problema, si facemos eso a depuradora mellora e sae a auga perfectamente boa e perfecta para chegar, igual algunha mellora como desinfección pero vamos ver o problema solucionalo, si despois se pode cambiar estupendo pero vai ser complicado habería que mellorar a zona esteticamente e eses ruídos e esa caseta sería bo facer unha caseta exterior cubrindo todo e insonorizando e non se moleste a veciñanza e os negocios hosteleiros porque sigue molestado eses ruídos. Primeiro descontaminar a ría igual que Gures, Estorde, o outro día un veciño de Ameixenda me dicía que sería bo que a auga non saise o regato que pase por ali e sería mellor levala o mar, claro é unha solución estética, podemos non ver toallitas non colgadas nas fieitas pero o problema hai que ir a raíz, e sobre todo, o que xa dixo ese enxeñeiro que se faga un mantemento adecuado das instalacións si se fai todo vai ser mellor. Ía preguntar sobre o tema do Son que xa o contestou e quero facer unha reflexión que xa a fixen co POS, di que esa obra hai que acometela e cun chimpín pq non van chegar alí ca maquinaria precisa para facer a obra, é certo, porque xa o dixeran no seu día, a min no me preocupa tanto a obra que si non leva un mes leva 3 pero si me preocupa que aquelas casas poidan ter unha emerxencia un lume e os camións de bombeiros non chegan alí sería bo acometer o acceso a ese punto para que puidese circular os camións vehículos de emerxencia. Despois algo que é moi fácil de facer como esa obra inda que aprobemos no Pos dentro de 2 meses, vai tardar, naquel punto onde hai aquela curva tan pronunciada hai ferros que van quedando o aire son un perigo para os peóns pero tamén para os vehículos a motor porque fastidian as rodas cada dous por tres, sería bo ir alí e examinar e cortar eso e botarlle provisionalmente unha solución que non é custoso e pode facerse sin problema. Logo unha pregunta que é sobre a auga de Raíces, falamos no penúltimo pleno, si hai algunha novidade para poder dar comenzo.

Sra alcaldesa: dende augas requiriusenos unha serie de cálculos, foron remitidos fai mais de 2 semanas e media non temos resposta, falouse de novo co xefe de servizo e a ver si a semana que ven nos manda a contestación e licitaríamos polo procedemento simplifícadísimo.

Sr Domínguez Louro: estas semanas pasadas, pedimos ver os documentos das alegacións que se presentou polo goberno o parque eólico de Sembra, pedimos como non, como os dous concelleiros do BNG o mediodía fáisenos complicado, pedimos unha copia desas alegacións por agora non se nos entregou, queríamos saber porque non se nos entregou e si se nos vai entregar.

Sra alcaldesa: en relación cos expedientes creo que xa respondín a Vde a tramitación dos expedientes, teñen acceso poden coller as notas que consideren convintes, en relación as copias que se podan ou non dar, a contestación ten que ser por escrito e xa contestarei.

Sr Domínguez Louro: agradeceríamos que nos contestase si temos dereito a copias ou non así como doutros expedientes que pediremos porque por conciliación faise difícil.

Sra alcaldesa: comprendo pero na lexislatura pasada pasada estando na oposición, tiña que deixar o traballo para vir, collía anotacións e perdía unha hora, media hora, duas horas, os expedientes non poden anda rulando fora do que é o espazo administrativo excepto en relación os documentos vai detallado no escrito que lle contestei en relación a petición dun expediente que realizou.

Sr Domínguez Louro: si nos pode contestar a esta que lle fixemos agradeceríamolo para saber como temos que facer, si Vde tivo que facer ese traballo perdoa pero non é problema meu igual Vde tiña unha facilidade que eu non, non é problema seu, pero agradecería que facilitase no posible a labor de oposición e control de calquera membro da oposición.

Sra alcaldesa: neste concello a labor de control a poden facer perfectamente examinando os expedientes que consideren precisos, outra cousa son as copias dos expedientes.

Sr Domínguez Louro: Vde vai a ir polo libro.



Sra alcaldesa: sobre todo coas copias dos expedientes.

Sr Domínguez Louro: a min nestes 7 anos tanto o anterior goberno como o anterior facilitoume copia dos expedientes para examinalos na casa, legal ou non, non o sei ética si que tiveron e si que o fixeron o cal agradecin.

Sra alcaldesa: o problema é a utilización das copias.

Sr Domínguez Louro: e algunha acusación?

Sra alcaldesa: de forma xeral.

Sr Domínguez Louro: que eu saiba nunca saíu nada por parte do BNG nin doutros grupos nada colgado por aí sorprendeme a reflexión sua.

Sra alcaldesa: eu teño unha responsabilidade.

Sr Domínguez Louro: todos a temos.

Sra alcaldesa: mais a ten a alcaldesa.

Sr Domínguez Louro: nos a nos e Vde a súa.

Sra alcaldesa: contestarei por escrito.

Sr Domínguez Louro: a colación diso, no anterior mandato había unha oficina, un despacho un local destinado para que consultasemos os expediente, entrabamos, cerrabamos a porta e podíamos consultar, neste momento este despacho está usado por membros do goberno non teño problema pero rogo que haxa un local adecuado, sexa ese, que non vai ser ouun sexa outro para facer o traballo comodamente, me resulta incomodo sentarme no medio de funcionarios e funcionarias e facer o meu traballo alí porque me resulta non quero incomodalos nin molestalos e quero facer o meu traballo da mellor maneira e necesito intimidade que antes había e agora non, rogo que dispoña dese local para facer o noso traballo. Por último unha petición, reflexión, como queire, este ano cambiouse a norma de facer as inscricións no curso de teatro, antes do 30 de xullo unha preinscrición das persoas que participamos no ano anterior, me parece ben, pero había que facer o pago enteiro ou como eu o faría o resto optarían polo fraccionado, hai unha persoa que non vai poder acudir consultábame como tiña que facer, terá que vir o Concello e pedir devolución pero para evitar ese momento e que a xente teña que vir aquí porque todo mundo ten mais cousas que facer por pragmatismo e comodidade si se fai unha prescrición sexa sin pagar ou sexa menor e non a metade ou a totalidade do curso, porque incomoda facelo así, creo que non é a mellor maneira inda que esta de acordo coas preinscrición, valóreno si se pode facer doutra maneira e téñano en conta, falo polo meu caso non polos compañeiro e compañeiras non é un recado que cada un terá a súa opinión.

Sra alcaldesa: preguntarei cal foi o motivo realmente de este cambio, faise entre o técnico de cultura e tesourería e evidentemente preguntarei cal é o problema e porque se fixo así.

Sr Domínguez Louro: correcto, entendo que é por facilidade e comodidade, son consciente que a veces pagamos a metade e a outra non a damos pagado se nos olvida, son o primeiro pero creo que esta non é a mellor maneira de facelo e si hai que pagar algo, que sexa a matricula, fianza ou como se lle chame, pero a integridade non é o correcto.

Ás 21:05 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán